



INFORME ANUAL DE RESULTADOS

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriáis

Curso Académico: 2019-20

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

<u>1. DATOS DO PROGRAMA</u>	
Denominación do programa	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Escola responsable	Facultade de Ciencias
Centro/s Participantes	Facultade de Ciencias
Nome do/a coordinador/a do programa	-----
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	_____
Códigos ISCED	
Curso de implantación	23 de setembro de 2010
Data acreditación ex ante (verificación)	30 de xuño de 2010
Data renovación acreditación	8 de xullo de 2015

2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Craterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	11	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502236_P.Ind_2019_20
			2502236_INF.16_2019-2020
			2502236_INF.CIUG_2019-2020
1	12	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	Codg:TítuloINF.02_2019-2020 (n/d)
1	13	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502236_P.Ind_2019_20
			5011_INF.03_2019-2020
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502236_P.Ind_2019_20
			Codg:TítuloINF.04_2019-2020 (n/d)
			Codg:Centro_INF.05_2019-2020 (n/d)
			Codg:TítuloINF.06_2019-2020 (n/d)
			Codg:TítuloINF.07_2019-2020 (n/d)
			Codg:TítuloINF.08_2019-2020 (n/d)
			Codg:TítuloINF.09_2019-2020 (n/d)
			5011_INF.10_2019_2020
			5011_INF.11_2019_2020
			2502236_INF.13_1S_2019_2020
			2502236_INF.13_2S_2019_2020
			2502236_INF.14_2019_2020
			5011_INF.21_2019_2020
			Codg:TítuloINF.22_2019-2020 (n/d)
2502236_INF.23_2019_2020			
2502236_Informe_de_indicadores_2019_20			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502236_P.Ind_2019_20
			2502236_Informe_de_indicadores_2019_20
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e	2502236_E15_2019-2020

		investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5011_E16_2019-2020
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-17_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-17_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502236_INF.13_1S_2019_2020
			2502236_INF.13_2S_2019_2020
			2502236_INF.14_2019_2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5011_I10_2019_2020
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502236_INF.15_2019-2020
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502236_P.Ind_2019_20
			2502236_INF.17_2019-2020
			2502236_INF.18_2019_2020
			2502236_INF.19_2019-2020
			2502236_INF.SIIU_2019-2020
			2502236_Informe_de_indicadores_2019_20
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502236_P.Ind_2019_20
			2502236_INF.CIUG_2019-2020
			5011_Informe_de_indicadores_2019_20
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502236_EIL-SIIU_2019-2020 Codg:TítuloEIL-ACSUG_2019-2020 (n/d)
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2502236_P.Ind_2019_20 2502236_Informe_de_indicadores_2019_20 2502236_MedUSC_2019-2020

3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido):

Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

O Decreto 222/2011 sinala que as ensinanzas universitarias oficiais de grao deberán contar cun número anual de estudantes de novo ingreso igual ou superior a 45 alumnos nos campus periféricos como é o caso do Campus Terra. O GEPQI presentou un Plan de Viabilidade por non cumprir cos requisitos antes mencionados. Neste Plan, que foi aprobado pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2015, contéplase compartir 90 ECTS nos dous primeiros cursos cos títulos de Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía, tamén do Campus de Lugo.

No caso do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI), de acordo cos procesos e procedementos do SGC, aproveitouse esta circunstancia para incorporar a memoria do título tódalas modificacións non substanciais realizadas ata o momento, así como tódalas recomendacións e suxestións que ao respecto foran efectuadas pola subcomisión de avaliación no proceso de Renovación da Acreditación.

Seguimento do Plan de Viabilidade: O 30 de xaneiro de 2017 a Xunta de Facultade aprobou o autoinforme de Seguimento do Plan de Viabilidade elaborado pola Comisión de Título correspondente ao curso 2015-16. A Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade, como resultado da avaliación do autoinforme e do cumprimento dos obxectivos do Plan de Viabilidade, emitiu un Informe de Seguimento en termos favorables con data 28 de xullo de 2017.

No comezo do curso 2017-2018, o novo plan de estudos do GEPQI atopouse en fase de implantación e tódolos detalles relativos ao Plan de Viabilidade e o seu seguimento poden consultarse no seguinte enlace: https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/HKI0ECKV7C7LPUh9xpfSE3KDK0bqWNnZMQLetCC3IV/1621930672/public/documents/2021-05/GEPQI_MEMORIA_PLAN_DE_VIABILIDADE.pdf

De acordo co Plan de Viabilidade, no curso 2017-18, estaba prevista a oferta do dobre grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais. A Secretaría Xeral de Universidades (SXU) non permitiu levar a cabo a implantación do dobre título polo que o desenvolvemento do Plan de Viabilidade quedou truncado.

Na publicación do “Mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia”, en outubro de 2017 o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais non estaba afectado nin por duplicidade nin por baixa demanda, como mostran os resultados reflectidos nos Informes de cumprimento do Plan de Viabilidade. Sen embargo, esta publicación tivo repercusión para o Centro e fixo necesario reflexionar máis profundamente sobre a misión da Facultade.

Grao Aberto: O 20 de novembro de 2019, a Secretaría Xeral de Universidades anunciou a posibilidade de ofertar graos abertos no SUG e as características e condicións que debían cumprir para poder ser ofertados no curso 2020-2021.

A Facultade de Ciencias, xunto coa Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, ambas do Campus de Lugo, decidiron entón ofertar o Grao Aberto 5USC Enxeñarías, no que participan os graos en Enxeñaría Civil, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Agrícola e Agroforestal, Robótica e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais.

A USC aprobou a memoria deste grao aberto o 22 de abril de 2020, e a Xunta de Galicia aprobou a súa implantación no curso 2020/2021. Compre dicir xa que o grao aberto completou todas as prazas ofertadas no ano da súa implantación.

A docencia desenvolveuse consonte ao planificado no programa formativo, e seguindo o establecido nas guías docentes das materias ata o 15 de marzo de 2019, verbo do confinamento decretado polas autoridades sanitarias debido a pandemia COVID-19. Con este motivo, entre esta data e o 6 de abril, desenvolvéronse unha serie de accións, encamiñadas a impartición das materias en curso (de abril a xuño) mediante docencia on-line. Para elo:

- Levouse a modificación das guías docentes das materias en curso co fin de recoller nas mesmas o novo escenario de docencia on-line empregando as ferramentas informáticas dispoñibles na USC: fundamentalmente a plataforma TEAMS, o campus virtual e calquera outro medio telemático.
- Na mesma modificación estableceuse o procedemento de avaliación do alumnado, que consonte as recomendacións das autoridades académica habría de ser preferiblemente mediante avaliación continua.
- A totalidade das guías docentes modificadas incluíndo os aspectos antes indicados quedaron subidas á rede e a dispor do alumnado e outros grupos de interese a partires do 6 de abril de 2019.

Logo dun breve curso de formación ao profesorado, mediante videos explicativos de docencia on-line, dende finais do mes de marzo retomouse a docencia das materias do grao, todas elas en docencia on-line a través de TEAMS e respectando o horario docente aprobado previamente. Asemade, naquelas materias que incluían prácticas de laboratorio, éstas foron impartidas de xeito virtual, empregando materiais dispoñibles na rede como videos didácticos, demostración sinxelas, ou traballos de búsqueda e revisión de bibliografía.

Perfil de ingreso


No curso 2019/2020 iniciaron os estudos do grao un total de 20 estudantes, e todos principiaban estudos na universidade.

Dos estudantes de nova matrícula, 16 proceden do Bacharelato e 3 de Formación Profesional, e segundo os datos proporcionados pola CIUG, 15 deles elixiron este grao en 1ª opción. Por outra banda, compre dicir que un non procede da comunidade autónoma de Galicia e outro é estranxeiro.

Indicar que os datos facilitados pola CIUG (2502236_INF.CIUG_2019-2020.pdf) revelan que entre os novos estudantes do grao a porcentaxe de mulleres é do 42%, de xeito tal que se mantén unha proporción global de mulleres no título do 57%, valor moi superior ao 25% de media estatal que para os estudos de enxeñaría indican os datos do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU).

Os datos da CIUG amosan tamén que a nota media de acceso desta cohorte de estudantes foi de 7,35 (sobre 14), cun 78,95% dos estudantes con nota superior a 6; destaca que os tres estudantes procedentes de Formación Profesional accederon cunha nota case un 9% inferior á media indicada anteriormente.

En todo caso, a variación da matrícula de inicio de estudos respecto ó curso anterior sería preocupante senón fose porque os datos provisionais de matrícula do curso 2020-2021 amosan unha repunta cara o valor medio dos derradeiros cinco anos (32 estudantes si se inclúen os do grao aberto matriculados en materias do GEPQI), de aí que, tal e como reflexa ó gráfico seguinte, os datos xerais de matrícula amosen certa estabilización en torno a un valor medio de 30 estudantes por ano.




Evolución dos datos de matrícula nos derradeiros cinco anos.

Perfil de egreso

Para este curso, e debido a situación provocada polo Covid-19, non hai datos dispoñibles de ningún dos aspectos e indicadores correspondentes a este apartado.

Evolución do número de estudantes de novo ingreso

Tal e como indican os datos reflectidos na seguinte figura, a partir do curso 2017-2018 trunouse a evolución ascendente mantida nos tres anos anteriores, tanto no número de estudantes que inician estudos como no total de estudantes novos, cun descenso progresivo ata o curso obxecto deste informe no que se acada o valor mínimo.



Evolución do número de estudantes que acceden ó título.


Non obstante, os datos provisionais de matrícula do curso 2020-2021 revelan un novo ascenso, de xeito tal que si se teñen en conta ós estudantes do grao aberto 5USC Enxeñaría matriculados en materias do GEPQI, o número de estudantes novos alcanza o valor medio dos cinco anos anteriores.

Aínda que se descoñecen as causas dos continuos cambios de tendencia, tanto a Comisión do Título como a Comisión de Calidade do centro consideran que a continua publicación nos xornais de novas sobre prazas vacantes, plans de viabilidade, etc., inflúen negativamente na imaxe do título, ó que non é allea a situación dos

estudos de enxeñaría de xeito xeral en España e de forma particular no Campus de Lugo.

Indicar tamén que a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia respecto ó total de matriculados é do 4,5% e a porcentaxe de estudantes estranxeiros, non procedentes de programas de intercambio, que están a facer o título e do 0,9%.

Por último, os datos da CIUG parecen indicar que o interese polo título é cada vez maior, xa que o número de solicitudes por cada praza ofertada na cota xeral aumenta, tal e como se ve na figura seguinte.



Relación entre o nº de solicitudes e o nº de prazas da cota xeral.

Non obstante, é significativo que nos derradeiros tres anos o número de solicitudes aumentase e simultaneamente o número de estudantes de nova matrícula descendera, e neste senso hai datos moi significativos: no curso 2019-2020, o 95% dos estudantes que foron admitidos no título se matriculou nel, pero solo foron admitidos o 30% dos solicitantes; ademais, de todos os estudantes que solicitaron este título en primeira opción, finalmente soamente se matriculou o 79%.

A Comisión do Título está a estudar estes datos polo miúdo, pero a impresión é que se “están a perder” estudantes interesados no título por causas alleas ó mesmo.

■ Criterio 2. Información e transparencia

A información total referida ao título atópase de xeito público e accesible na páxina web do centro, en concreto nos enlace:s para os graos:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriáis (GEPQI):

<https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/graoenepqi.html>

- Grao Aberto 5USC Enxeñarías (5USC):

<https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/graoaberto5uscenxenarias>

A información dispoñible artículase en 10 apartados que se corresponden cos epígrafes habituais de seguimento dos títulos, e que son os indicados a continuación:

Guía do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

- 1.- Descrición do título
- 2.- Xustificación
- 3.- Competencias. Obxectivos
- 4.- Acceso e admisión de estudantes
- 5.- Planificación das ensinanzas
- 6.- Recursos humanos
- 7.- Recursos materiais e servizos
- 8.- Resultados previstos
- 9.- Sistema de garantía da calidade
- 10.- Calendario de implantación

A vontade do centro (xa expresada no seu plan de calidade) respecto da información pública e a transparencia da información do GEPQI, é continuar coa mesma política xa aplicada noutros títulos do ccentro, e consistente en publicar e facer accesible toda a información dispoñible a través da web do centro. Para elo, ademais de actualizar de forma habitual a información na web, se publicarán os resultados dos informes de seguimento dos títulos (no epígrafe 2 da web), e/ou da Memoria de Calidade do centro (dispoñibles en <https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/calidade.html>), práctica xa habitual na Facultade de Ciencias.

Seguimento do Título:

- 2010-11
 - [Autoinforme de seguimento](#)
 - [Informe final](#)
- 2011-12
 - [Autoinforme de seguimento](#)
 - Informe final: non recibido
- 2012-13
 - [Autoinforme de seguimento](#)
 - [Informe final](#)
- 2013-14
 - [Autoinforme de seguimento](#)
 - Informe final: renovación da acreditación 2014-2015
- 2014-15
 - [Autoinforme de seguimento](#)
 - Informe final: non recibido
- 2015-16
 - [Autoinforme de seguimento](#)
- Cursos seguintes: os datos están incorporados na Memoria de Calidade do Centro dispoñible no enlace <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>.

■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de calidade do GEPQI está incorporado no Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Ciencias, que alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos). En conxunto, o SGC da Facultade de Ciencias contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de

decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título (entre elas a Comisión académica do GEPQI), a Responsable de Calidade do Centro e os Coordinadores de Título (entre eles o coordinador do GEPQI). As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade, que xa vai pola súa 5ª edición e que pode accederse en:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/FyhXHHQMgbjDQ4r7CPI8aU7WpSpF494mx43xiAiLZO8/1619787781/public/documents/2021-04/manual-sgc-facciencias.pdf>

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese. O deseño do mesmo foi avaliado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia con data 30 de maio de 2012, emitíndose certificación o 13 de decembro de 2012. Posteriormente, fóronse levando a cabo actualizacións para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC.

A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. Durante o curso 2016-17, o Centro someteuse ao procedemento de Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade, o que supuxo un profundo proceso de modificación e de revisión do mesmo. A Facultade de Ciencias obtivo con data 25 de xuño de 2018 a Certificación de Implantación do SGC con validez ata o ano 2023. En canto á Acreditación Institucional, o 30 de outubro de 2018 obtívose Informe favorable de Acreditación Institucional da ACSUG e o Consejo de Universidades por Resolución do 28 de xaneiro de 2019 declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace: Sistema de Garantía de Calidade <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre sulñar, que no curso 2019-20, a facultade de Ciencias elaborou e aprobou o seu **PLAN ESTRATÉXICO PONTE E PLAN DE MELLORA ANUAL 2020-2022**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as accións e liñas extratéxicas a desenvolver nos próximos dous anos e as accións de mellora a levar adiante consonte o análise realizado polas Comisión de Calidade. O plan está dispoñible públicamente no enlace:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/IXjJF7RMxKDOqPzsP21IkJnB8cnY75gGunhb3b9bSJY/1621337336/public/documents/2021-05/Plan-Estrat-Ponte-e-Plan-de-Mellora-Anual-FacCiencias.pdf>

No presente curso, no que atinxe especificamente ao GEPQI-a pandemia do Covid-19 mudou totalmente o xeito de impartir a docencia durante o segundo semestre, e isto notouse nos resultados do título, que sufriu un lixeiro descenso na valoración media global dos estudantes respecto ós anos anteriores.

Tendo en conta que ó inicio do confinamento (16 de marzo de 2020) nin docentes nin estudantes estaban preparados para un sistema de ensino/aprendizaxe en remoto, os resultados pódense considerar satisfactorios, máxime cando en moitos casos nin tan sequera se dispoñía nos fogares das ferramentas técnicas adecuadas para manter unha docencia online nin unha axeitada comunicación.

Neste senso, compre salientar os resultados dunha enquisa feita polos propios estudantes e que foi posta a disposición do coordinador do título o 8 de abril de 2020: cunha taxa de participación do 49%, neses intres menos do 89% manifestaba dispor de ordenador propio, soamente o 74% dixo ter unha conexión a internet axeitada para o seguimento das clases, e menos de 65% manifestaba dispor dun lugar axeitado para

traballar.

A situación foise normalizando co paso to tempo, de tal xeito que a finais de abril eran menos do 9% os estudantes que manifestaban ter problemas para realizar a súa labor discente.

Hai dúas cuestións que deben ser mencionadas separadamente e que sen dúbida influíron decisivamente na percepción global e satisfacción xeral de docentes e estudantes: a imposibilidade total de realizar prácticas de laboratorio, que influíu negativamente no desenvolvemento das actividades docentes e na aplicación práctica de contidos, e que no momento de realización das enquisas non se sabía nin como nin cando serían as probas de avaliación, o que xerou entre os estudantes as lóxicas inxerencias imposibles de resolver por parte dos docentes.

Dimensión 2. Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

■ Criterio 4. Recursos Humanos

PDI

O PDI que imparte docencia no GEPQI está adscrito aos departamentos que de seguido se relacionan, xunto co número de profesores en cada caso.

Departamento	Nº de profesores
Electrónica e Computación	1
Enxeñaría Agroforestal	5
Enxeñaría Química	7
Estatística, Análise Matemática e Optimización	3
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	2
Física Aplicada	5
Matemática Aplicada	3
Microbioloxía e Parasitoloxía	1
Organización de Empresas e Comercialización	2
Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	1
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	1
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	2
Química Física	5
Química Inorgánica	3
Química Orgánica	4

A tipoloxía do profesorado é axeitada un alto predominio de profesorado con vinculación permanente (sea funcionario o contratado):

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais		Centro Facultade de Ciencias	
Categoría	Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas
Profesor: Asociado de Universidade LOU	3	6,67%	97,00	3,93%
Profesor: Catedrático de Escola Universitaria	1	2,22%	34,00	1,38%
Profesor: Catedrático de Universidade	3	6,67%	154,00	6,24%
Profesor: Colaborador	1	2,22%	27,00	1,09%
Profesor: Colaborador Doutor	1	2,22%	99,00	4,01%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	13	28,89%	761,00	30,82%
Profesor: Profesor interino	1	2,22%	33,00	1,34%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	1	2,22%	49,00	1,98%
Profesor: Titular de Universidade	21	46,67%	1215,00	49,21%
Total *	45	100,00%	2469,00	100,00%

e cunha experiencia docente e traxectoria investigadora suliñable, tal e como poder verse na relación de quinquenios docentes e sexenios de investigación que se acompaña por área de coñecemento.

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA

Título	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Centro Facultade de Ciencias			RUCT 2
		Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora	
Departamento	Área				
Electrónica e Computación	[075] Ciencia da Computación e Inteligencia Artificial	1	5	1	
Enxeñaría Agroforestal	[305] Expresión Gráfica da Enxeñaría	2	7	0	
	[500] Enxeñaría Agroforestal	3	12	0	
Enxeñaría Química	[555] Enxeñaría Química	7	22	15	
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	3	5	1	
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[310] Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	2	9	7	
Física Aplicada	[385] Física Aplicada	5	23	15	
Matemática Aplicada	[595] Matemática Aplicada	3	15	4	
Microbioloxía e Parasitoloxía	[630] Microbioloxía	1	5	4	
Organización de Empresas e Comercialización	[650] Organización de Empresas	2	6	1	
Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	[720] Proxectos de Enxeñaría	1	2	2	
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública	1	0	0	
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	[750] Química Analítica	2	10	5	
Química Física	[755] Química Física	5	26	17	
Química Inorgánica	[760] Química Inorgánica	3	15	7	
Química Orgánica	[765] Química Orgánica	4	17	14	
Total **		45	179	93	

Por todo isto, considérase que o perfil do profesorado é axeitado aos obxectivos do título.

PAS

En canto ao persoal de administración e servizos, contase coa dotación adscrita á Facultade de Ciencias e aos servizos directamente vinculados coa titulación. O centro dispón actualmente do persoal que se indica na táboa seguinte:

Cadro de persoal de Administración e Servizos

Categoría	Número
Auxiliar Técnico Informático	2
Conserxe	1
Oficial de Servizos	1
Responsable de Asuntos Económicos	1
Resposable de Unidade de Xestión de Centro e Departamentos	1
Técnico Especialista en Informática- Especialidade Administración de Sistemas	1
Técnico en Investigación	2
Total Persoal	10

Os distintos membros do PAS prestan os seus servizos para o bo funcionamento do centro nos seus ámbitos propios de competencia. E quizáis a única acalaración debe ser a adicada ao persoal Técnico de Investigación. Os técnicos de investigación, así definidos na Lista de Postos de Traballo da USC, constitúen o persoal de apoio técnico aos laboratorios prácticos e entre as súas funcións podemos destacar o seguinte dúas:

1. Xestionar a actividade de laboratorio:

- Actuar baixo as regras de boas prácticas, aplicar as principais medidas de seguridade, hixiene e protección ambiental no laboratorio, fundamentalmente no referido ao procesamento e eliminación de residuos.
- Actualizar a documentación para unha rápida consulta, así como a distribución e actualización da documentación técnica para o seu uso no laboratorio.
- Realizar tarefas de limpeza e mantemento de materiais e equipamentos e realizar as reparacións básicas necesarias e comunicar avarías importantes.
- Afinar e calibrar os equipos existentes nos laboratorios para realizar as diferentes análises.
- Xestionar os recursos do laboratorio e controlar as existencias.
- Prestar soporte técnico aos usuarios e instruílles sobre o uso do equipo.
- Realizar probas de identificación, medición e análises.

2. Apoio á docencia

- Proporcionar soporte técnico para a programación de clases prácticas.
- Colaborar no desenvolvemento de clases prácticas baixo a dirección do profesor.
- Demostrar como manexar o equipo.

Considérase así mesmo, que o persoal PAS e axeitado e suficiente para as tarefas a desenvolver no GEPQI, ademais a súa cualificación e adicación e moi apropiada aos fins do título.

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, onde se desenvolve a docencia do GEPQI, dispón de instalacións, recursos materiais e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do grao. A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Existen 11 aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e o profesor.

Hai tamén tres aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen pizarra dixital. Segundo datos proporcionados polo centro e a Área de Calidade e mellora dos procedementos da USC, no curso de referencia había 61 ordenadores conectados á rede para docencia, ademais doutros 16 equipos para tarefas administrativas e de xestión.

Dispónse ademais, de 8 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas ubicados no edificio de laboratorios colindante. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con 86 prazas con acceso a rede wifi e con 13 ordenadores conectados a internet para uso libre do alumnado.

No campus lucense, os recursos bibliotecarios, tanto fondos como postos de lectura, están centralizados na denominada Biblioteca Intercentros, que presta servizos ás titulacións ubicadas no campus de Lugo (agás Fac. Formación de profesorado que conta con Biblioteca propia). Segundo datos facilitados pola USC, a Biblioteca Intercentros dispón de 1715 postos de lectura, o que significa unha dispoñibilidade de postos de lectura en bibliotecas por estudante equivalente a tempo completo no campus de pero de 0.50 postos/alumno. En canto aos fondos bibliográficos dispoñibles, nesta instalación cóntase con máis de 100.000 monografías 250 publicacións periódicas activas e outros recursos non libraríos (mapas, cd's, fotografías, etc.). ademais existe dispoñibilidade de máis 500 outras publicacións periódicas en formato electrónico na USC, accesibles desde calquera punto de conexión da rede da USC, nos seus dous campus.

Débese suliñar que os diferentes grupos de interese amosan un alto grao de satisfacción cos recursos e servizos. En todos os casos ás preguntas da enquisa de satisfacción que se refiren aos medios materiais son contestadas con promedios superiores a 4/5. Con respecto da mellora de instalacións da Facultade de Ciencias, para a actualización e mantemento dos medios audiovisuais, informáticos, etc., compre sinalar que ao longo dos últimos anos, a Facultade ven participando de forma continuada nas convocatorias de accións de mellora promovidas pola sucesivas Vicerreitorías con competencias en materia de calidade. Froito desas accións, en

cada curso académico vaise actualizando e renovando as infraestructuras e o equipamento docente (material informático, medios audiovisuais, sistemas de proxección, equipos de laboratorio, software específico, etc...) en función das necesidades de cada titulación.

No curso de referencia, no que unha parte da docencia tivo que levarse a cabo de **forma telemática por imperativo de saúde pública**, as infraestructuras informáticas e os servizos relacionados con elas tiveron unha importancia capital á hora de proporcionar rapidamente ferramentas axeitadas para este fin. O feito de dispor na USC das *packages* Microsoft, integrando entre eles a videoconferencia TEAMS, supuxo que a posibilidade de implementar docencia on-line de forma rápida e eficiente fose perfectamente posible. Por iso haberá que seguir profundizando na dispoñibilidade de software e hardware para á docencia on-line, e incrementado a formación do profesorado neste eido.

Dimensión 3. Resultados

Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo. Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).

■ Criterio 6. Resultados do programa formativo

Na táboa seguinte amósase a evolución dos principais indicadores do título, que o centro publica todos os anos na súa web:

(http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/GEPQI_texas.pdf)

GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS - INDICADORES E DATOS							
Indicador		Curso	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20
Satisfacción (de 1 a 5)	IN46G Estudantes coa docencia recibida		3,80	3,77	3,71	3,82	3,72
	IN48G Taxa de resposta en IN46G (%)		45,8	39,7	39,7	44,2	39,4
	IN47G Profesores coa docencia impartida		3,80	3,83	3,79	4,32	4,03
	IN19G Estudantes coas prácticas externas		4,07	4,43	4,57	4,78	---
	IN20G Tutores profesionais coas prácticas externas		4,67	5,00	4,26	4,25	---
	IN21G Tutores académicos coas prácticas externas		4,20	---	4,80	4,75	---
	IN42G Egresados coa titulación		3,78	3,21	3,12	3,78	---
Resultados do Título	IN34G Taxa de Rendemento (%)		60,1	64,6	60,9	65,6	74,8
	Taxa de rendemento por curso	1º	48,1	55,0	45,7	60,2	68,3
		2º	55,6	61,7	48,7	54,1	66,4
		3º	75,5	81,0	90,1	73,1	83,1
		4º	88,3	94,5	96,7	93,3	92,9
		curso ponte	79,2	48,1	77,8	---	100,0
	IN35G Taxa de Éxito (%)		69,0	74,0	67,5	74,8	82,0
	Taxa de éxito por curso	1º	59,2	67,7	55,4	71,1	79,2
		2º	59,8	65,1	52,6	64,5	72,6
		3º	82,7	85,8	91,9	76,2	86,7
		4º	98,0	99,2	100,0	100,0	100,0
		curso ponte	95,0	92,9	100,0	---	100,0
	IN36G Taxa de Avaliación (%)		87,0	87,3	90,2	87,7	91,2
	Taxa de avaliación por curso	1º	81,1	81,3	82,4	84,7	86,3
		2º	93,0	94,8	92,7	83,8	91,5
		3º	91,4	94,4	98,0	95,9	95,9
		4º	90,1	95,3	96,7	93,3	92,9
		curso ponte	83,3	51,9	77,8	---	100,0
	IN38G Duración media dos estudos (anos)		4,5	5,5	4,7	4,7	4,5
	IN39G Eficiencia dos titulados		---	---	---	---	---
IN37G Taxa de Graduación		38,9	62,9	33,3	50,0	32,0	
IN40G Taxa de Abandono durante o primeiro curso (%)		16,7	25,0	36,0	24,3	16,7	
IN41G Taxa de Abandono RD 1393 (%)		44,4	15,4	27,8	35,0	48,0	
IN50G Taxa de Éxito dos egresados		94,3	85,6	86,0	84,9	90,2	
IN53G Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)		92,3	78,7	86,0	84,9	90,2	
IN51G Taxa de Idoneidade na graduación		16,7	53,8	11,1	30,0	28,0	

Taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación:

En canto aos valores globais do título, pódese apreciar en primeiro lugar que o valor medio das tres taxas aumentou respecto á serie histórica, tanto no que se refire os valores medios do título coma os datos desagregados, coa única excepción de 4º curso no que as taxas xa tiñan uns valores moi elevados.

Aínda que unha opinión moi estendida é que estes incrementos débense ó sistema de avaliación non presencial empregado en todas as materias do segundo semestre, hai outros factores a ter en conta: o feito de estar confinados e as incertezas sobre o sistema de avaliación final fixo que os estudantes estivesen máis activos en practicamente tódalas materias, o retraso nas datas das avaliacións finais permitiu una maior separación na entrega de traballos, e a ampliación do período de exames das materias do segundo semestre permitiu os estudantes unha mellor preparación dos mesmos.

O que sí parece evidente é que non se deben comparar os resultados deste curso cos de anos anteriores, porque as circunstancias e condicións foron moi distintas. Non obstante, pódese facer unha comparación dos resultados do título coa media da USC (2502236_MedUSC_2019-2020): as tres taxas de rendemento, éxito e avaliación son inferiores ás medias da universidade, aínda que é ben coñecido que os estudos de enxeñaría teñen taxas de avaliación, éxito e rendemento inferiores os valores medios xerais cando estes teñen en conta todas as ramas de coñecemento.

Taxa de abandono e taxa de cambio.

A taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) foi do 16,67%, practicamente idéntica o valor medio da universidade, mentres que a taxa de abandono RD 1393 foi sensiblemente máis elevada: 48,00%. Así, mentres a primeira amosa unha tendencia descendente nos derradeiros tres anos, esta última incrementase dende hai catro anos.

Non obstante, os datos dispoñibles do SIIU (2502236_INF.SIIU_2019-2020) indican que o título pode chegar a ter unha porcentaxe acumulada de cambio de estudos nos dous primeiros anos de ata o 21%, o que sen dúbida no é alleo o feito de que haxa estudantes que inician estudos neste título porque a súa nota das probas de acceso á universidade no lle permitiron o acceso ó título desexado.

Duración media dos estudos:

A Comisión do Título é perfectamente coñecedora de que algúns estudantes que teñen todas as materias superadas, e aos que tan só lles resta para rematar os estudos o Traballo Fin de Grao, retrasan a presentación do mesmo, sen que ata o momento se coñezan todas as causas deste comportamento. Non obstante, considérase que un resultado de 4,5 anos é axeitado para un título da rama de enxeñaría, máxime si se ten en conta que o valor medio deste indicador na USC é 5,06.

Taxas de Graduación e Idoneidade dos egresados:

As taxas de graduación (32,0%) e idoneidade (28,0%) descenden respecto ó curso anterior mentres que as taxas de eficiencia (ou rendemento) e de éxito dos egresados (90,2% nos dous casos) incrementáronse respecto ó ano anterior.

A Comisión do Título considera que a disparidade destes indicadores ó longo da serie histórica débese a heteroxeneidade das diferentes cohortes de acceso, por exemplo, á porcentaxe de estudantes procedentes de Formación Profesional que cada ano acceden ó título.

■ Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

No primeiro semestre, o título pasou de ter en anos anteriores unha taxa de resposta satisfactoria (IN48G) a un valor baixo (16.5%), si ben a participación dos estudantes aumentou no segundo semestre (34,3%).

Motivada polas especiais circunstancias da docencia non presencial, a universidade introduciu un novo modelo de enquisa para coñecer a opinión do alumnado sobre o desenvolvemento das actividades docentes durante o confinamento, de aí que por primeira vez haxa un cuestionario para cada semestre (2502236-INF.13.1S_2019_2020) (2502236-INF.13.2S_2019_2020), cuxos resultados se amosan na táboa seguinte.

Informe sobre indicador IN46G	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20/1ºS	19-20/2ºS
Explica la programación de la materia y los criterios de evaluación al comienzo de su actividad docente	4,26	4,00	4,16	4,01	4,13	---
Cumple con el programa y el plan de trabajo previsto	4,10	4,14	4,22	4,12	4,15	---
Se conocen de antemano los criterios de corrección de exámenes y trabajos	---	---	---	3,82	4,03	---
Organiza bien las clases y explica con claridad facilitando la comprensión de la materia	3,58	3,59	3,49	3,70	3,46	3,56
El material de apoyo me resulta útil para la preparación de la materia	3,83	3,73	3,57	3,71	3,51	---
Los recursos didácticos empleados refuerzan la comprensión de la materia	3,75	3,70	3,53	3,71	3,61	3,58
Propone actividades para favorecer mi aprendizaje autónomo	3,77	3,82	3,63	3,64	3,78	---
Los contenidos se desarrollan de acuerdo al cronograma temporal de la materia	---	---	---	4,02	4,10	---
Motiva la participación crítica y activa de los estudiantes	3,73	3,62	3,49	3,71	3,78	3,63
Resuelve las dudas que se le formulan	3,97	3,99	3,95	4,03	4,15	3,94
Tiene una actitud receptiva que facilita la comunicación con los estudiantes	3,83	3,95	3,82	3,97	3,97	---
Consigue hacerme ver la relevancia de la materia y su interés para mi formación	3,67	3,61	3,53	3,69	3,78	---
La ayuda recibida en las tutorías me fué de utilidad	3,67	3,71	3,81	3,85	4,09	---
Mejoró mi nivel de partida en relación a la materia	---	---	---	3,72	3,81	3,33
La asistencia a clase es provechosa para la comprensión de los contenidos	---	---	---	3,67	3,63	---
Globalmente estoy satisfecho con el profesor de la materia	3,73	3,72	3,58	3,79	3,63	3,43
Considero que hay coordinación entre los distintos profesores de la materia	3,60	3,54	3,92	---	---	---
Favorece que desarrolle mi capacidad de transmitir información, ideas, problemas y soluciones	3,60	3,49	3,33	---	---	---
Los contenidos se desarrollaron de acuerdo al cronograma inicialmente previsto	---	---	---	---	---	4,02
Se resueven las dudas que se trasladan	---	---	---	---	---	3,50
Los materiales suministrados sirvieron de ayuda para preparar la materia	---	---	---	---	---	3,48
La carga de trabajo fue adecuada a los contenidos y créditos de la materia	---	---	---	---	---	3,74
La comunicación con el docente fué adecuada	---	---	---	---	---	3,60
Valor medio del título	3,80	3,77	3,71	3,82	3,84	3,62

No primeiro semestre a valoración global dos estudantes foi de 3,84, idéntica ó curso anterior, pero a súa satisfacción baixou ó 3,62 no segundo semestre.

Na enquisa feita polos propios estudantes ata o 8 de abril, case o 91% indicaba que a súa carga de traballo tíñase incrementado durante o confinamento, pero nos resultados da enquisa oficial, feita a finais do período lectivo, a valoración deste ítem foi de 3,74.

Este valor, xunto co 3,94 acadado pola pregunta sobre a resolución de dúbidas empregando medios e canles telemáticas, e o 4,02 acadado polo ítem “os contidos se desenvolveron de acordo o cronograma inicialmente previsto...” reflexan que, tras un considerable esforzo realizado tanto por docentes coma por estudantes, no conxunto do título logrouse manter un nivel docente/discente axeitado.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

A diferenza do caso dos estudantes, non se fixo unha enquisa diferente para o segundo semestre, senón que ó modelo xa existente engadíronse cuestións relativas a situación xerada pola Covid-19 (2502236-INF.14_2019_2020), tal e como se pode ver na táboa seguinte.

Informe sobre indicador IN47G	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20
Los estudiantes participan crítica y activamente en el desarrollo de las clases	3,18	3,07	3,10	3,49	3,61
Conozco el nivel de comprensión de los alumnos	3,98	3,98	4,13	4,00	4,09
Globalmente estoy satisfecho con el trabajo realizado por el alumnado	3,53	3,58	3,40	3,56	3,72
Los estudiantes están satisfechos con mi labor.	---	---	---	3,81	4,00
El material y servicios de apoyo a la docencia existentes en la universidad son adecuados	4,16	4,27	4,25	4,56	4,09
La coordinación entre materias y niveles del título es adecuada	4,02	4,23	4,23	4,34	4,37
Estoy interesado en recibir formación de apoyo para mejorar mi docencia	---	---	---	4,46	4,25
Organizo y estructuro bien mis clases	---	---	---	4,68	4,36
Informo adecuadamente a los alumnos de los criterios de evaluación	---	---	---	4,90	4,66
Soy accesible para los estudiantes en clases y tutorías	---	---	---	4,95	4,55
Mantengo un trato corecto con los estudiantes	---	---	---	4,87	4,57
Estoy satisfecho con la tutorización del TFG	---	---	---	3,79	4,20
En general, estoy satisfecho con mi labor docente	---	---	---	4,44	4,23
El nivel con el que llega el alumno es suficiente para enfrentarse a los contenidos de la materia	2,96	3,00	2,94	---	3,56
Estoy satisfecho con la relación creada con el alumnado en las clases y tutorías	4,04	4,00	3,90	---	---
Los estudiantes muestran una actitud de interés cara a la materia	3,51	3,42	3,25	---	---
La coordinación entre los distintos profesores de la materia fue efectiva	4,66	4,74	4,66	---	---
En el centro cuento con los recursos necesarios para la docencia	4,29	4,24	4,40	---	---
Mantuve una comunicación adecuada con los estudiantes	---	---	---	---	4,52
Estoy satisfecho con las herramientas disponibles para la docencia	---	---	---	---	3,22
Experiencia previa en tecnologías para evaluación en remoto	---	---	---	---	3,70
Satisfacción con la docencia no presencial	---	---	---	---	3,69
Satisfacción con la evaluación no presencial	---	---	---	---	3,34
Interesados en recibir formación para la mejora de la docencia en nuevas tecnologías (%)	81,8	80,0	41,0	---	---
Interesados en recibir formación para la mejora de la docencia en apoyo didáctico y pedagógico (%)	81,8	73,3	38,0	---	---
Valor medio del título	3,80	3,83	3,79	4,30	4,04

Se ben a satisfacción do profesorado mantense en valores elevados para a maioría das cuestións avaliadas, cumpre destacar que as máis baixas valoracións da enquisa aparecen nas preguntas que teñen relación coa impartición da docencia non-presencial, e coa avaliación a distancia. É evidente que cando se produce a crisis COVID-19 no mes de marzo de 2021, unha gran parte do profesorado da USC descoñecía o uso de ferramentas on-line, máis alá do emprego do campus virtual. Este feito obrigou a un rápido aprendizaxe de software de comunicación en remoto (tipo Teams, Zoom, e outros), que mesmo nalgúns casos, fíxose grazas á ensinanza entre pares. Esta formación completouse nos seguintes meses, e sobre todo xeneralizouse o emprego destas ferramentas, non só para o docencia senón para outro tipo de actividades académicas de xestión (reunións de dpto, de comisións, xuntas de facultade, etc...). Por iso, compre indicar que, probablemente, si a enquisa se repetise hoxe, o profesorado mostraría un maior nivel de satisfacción co emprego deste software. Non obstante, a cuestión relativa á avaliación non presencial está aínda por resolver. Non se ten acadado un sistema eficiente, seguro e xusto, para a avaliación e a realización de exames on-line, polo que no futuro haberá que reflexionar mais polo miúdo sobre este aspecto.

Satisfacción do profesorado coa titulación

No curso 2019-2020 a USC modificou este informe (2502236_INF.23_2019_2020), que no caso do GEPQI tivo unha taxa de resposta do 40,4%.

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	N/A	N/A	4.32
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	N/A	N/A	N/A	4.26
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	N/A	N/A	3.95
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	N/A	N/A	3.68
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	N/A	N/A	4.22
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	N/A	N/A	3.68
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	N/A	N/A	3.89
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	N/A	N/A	3.68
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	N/A	N/A	3.89
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	N/A	N/A	3.47
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	N/A	N/A	N/A	3.83
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	N/A	N/A	3.63
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	N/A	N/A	3.74
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	N/A	N/A	3.89
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	N/A	N/A	3.37
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	N/A	N/A	3.21
O alumnado implicase na titulación?	N/A	N/A	N/A	3.42
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	N/A	N/A	3.72
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación.	N/A	N/A	N/A	3.63
Curso académico	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
Valoración global	N/A	N/A	N/A	3.76
Participación	N/A	N/A	N/A	40.43%

Aínda que a valoración global é boa (3,76) compre destacar a baixa puntuación (inferior a 3,4) acadada en dúas das cuestións directamente relacionadas cos estudantes. Sen dúbida, a percepción dos docentes sobre o cumprimento da planificación académica e a asistencia a clase por parte do alumnado está relacionada, entre outros factores, co feito de que ó 26% dos estudantes do título aínda estaban matriculados polo plan vello, o que implica que as materias que debían cursar, cuns horarios e actividades docentes planificadas para o plan novo, interferíanse.

Chama a atención que no INF.14 os docentes valoren cun 4,37 á *coordinación entre materias e/ou niveis do título* mentres que no INF.23 a *coordinación na organización do título* acade soamente un 3,47, máxime cando ambas enquisas tiveron unha participación superior ó 40%.

Quizás a discrepancia débese o que cada docente entendeu por *organización do título*, porque na mesma enquisa as cuestións relativas ós horarios, calendarios de avaliación, aspectos organizativos, etc., acadan valoracións netamente superiores.

Prácticas Externas. Mobilidade. Indicadores de satisfacción

Debido a pandemia, case non hai indicadores dispoñibles para os aspectos valorados neste apartado. A facultade firmou novos acordos de mobilidade Erasmus con la universidad de La Sapienza en Roma y con la University of Technology and Erconomics en Budapest durante este curso académico.

Sobre as prácticas externas, diicir soamente que o 63,6% dos egresados realizou ó longo dos seus estudos Prácticas en Empresas, o que sigue a ser unha porcentaxe moi elevada tendo en conta que o confinamento truncou ás expectativas dalgúns estudantes neste senso.

4. PLAN DE MELLORAS para o curso seguinte

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	
		Tipo	
	Orixe	Orixe acción	
		Descrición orixe	
	Definición	Análise causa	
		Definición/descrición proposta	
		Data prevista de finalización	
		Data inicio	
	Responsables	Usuario responsable da implantación	
		Outros responsables da implantación	
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

5. MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDO

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDO	
Modificacións	Xustificación da modificación
Non procede	